

# MAPS TO THE STARS

[David Cronenberg, 2014]

# 02

ESTREA EN NUMAX: 20.03.2015

## FICHA TÉCNICA

Maps to the Stars (2014, 111')

**Dirección:** David Cronenberg

**Guión:** Bruce Wagner

**Imaxe:** Peter Suschitzky

**Montaxe:** Ronald Sanders

**Son:** Michael O'Farrell, Pat Cassin, Julien Gigliotti

**Dirección de arte:** Edward Bonutto, Elinor Rose Galbraith

**Vestuario:** Denise Cronenberg

**Música:** Howard Shore

**Intérpretes:** Julianne Moore, Mia Wasikowska, John Cusack, Evan Bird, Olivia Williams, Robert Pattinson

**Producción:** Prospero Pictures (Canadá), Sentient Entertainment (EUA), SBS Productions (Francia), Integral Films (Alemaña)

**Distribución:** Vertigo Films

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.85:1

## FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

*Cosmópolis*, 2012

*Spider*, 2002

*Existenz*, 1999

*Videodrome*, 1983

*Viñeron de dentro de...* [Shivers, 1975]

## SINOPSE

*Maps to the Stars* é un filme sobre a familia Weiss, veciños de Hollywood con segredos escuros. En chegando a Los Ángeles, Agatha ponse a traballar para a actriz en horas baixas Havana Segrand, ao redor de quen circula unha trama de ciumes, asasinato e traumas que ben pode facer estourar as vidas de todos os que a rodean.

«Quérolle a este filme máis do que ao meu bigote»

John Waters, Artforum



# MAPS TO THE STARS

[David Cronenberg, 2014]

## Stéphane Delorme entrevista David Cronenberg (2014)

### Maps to the Stars é un violento axuste de contas. É un adeus a Hollywood.

Non o vexo só coma un filme sobre Hollywood. É un filme sobre a ambición, a fama, a inmortalidade, o diñeiro. Podería ser *O lobo de Wall Street*, poderíase ter situado no mundo das finanzas ou na industria do automóbil en Detroit. Fala do poder de calquera industria que fabrica imaxes e produtos. E das *stars* que veñen. Para min non é en realidade un filme anti-Hollywood. Se que vai soar raro que o diga, mais é menos unha historia sobre Hollywood que sobre a súa parte escura. E por outra banda, de non ser polo guión de Bruce Wagner nunca faría un filme sobre o cinema. A moitos cineastas, polo xeral máis novos, encántalles facer filmes sobre outros filmes. Eu non lle vexo ningún interese a estes filmes autorreferenciais. É coma os escritores que escriben sobre o feito de escribir. Non me interesa. Pero desta volta a historia, os personaxes, os diálogos eran fantásticos. Foi todo culpa de Bruce!

### Hollywood, en sentido amplo, é unha metáfora da nosa época.

Absolutamente. Ese é o outro motivo polo que en realidade non é un ataque contra Hollywood. O filme trata da nosa obsesión, non só da fama, senón de nós propios. O guión escribiuse antes de Facebook. Agora todo o mundo é unha *star* no Facebook (...). Está ben ou mal? Non o sei. En calquera caso non é moi produtivo. E ten mesmo un sentido enfermizo, o único que crea é unha ilusión. Está claro que Hollywood é a versión icónica, amplificada, de todo iso. Porque aínda estamos posuídos por James Dean, Marilyn Monroe e Humphrey Bogart. A xente aínda pensa nesas iconas e tenta traelos de novo á vida por medio das novas tecnoloxías. Todos temos un desexo de inmortalidade. O filme fala máis profundamente do medo á morte e da anguria existencial: de Havana non recibir máis chamadas do seu axente, de non facer máis filmes, deixa de existir.

Está desquiciada. Non é só a ambición, é o medo a ser anulada. Penso que de o espectador comprender iso, non verá só un filme sobre Hollywood, senón un filme que fala desde hoxendía de desexos e traumas universais.

**A morte está por todas partes no filme. Nomeadamente a dos cativos: é coma se Hollywood se erguera sobre cadáveres de nenos.** Non só de nenos. Vexo Hollywood coma un planeta moi denso, cun campo gravitatorio inmenso. Chega xente do mundo enteiro, é atraída á súa órbita e unha vez dentro non hai xeito de se botar fóra. Están atrapados. Sabemos de moitos realizadores cuxa carreira morreu en Hollywood e moita xente morreu tamén. Non pasa un ano sen mortes por sobredose ou en accidente de coche. É unha forma de suicidio. A morte de Philip Seymour Hoffman pode que tecnicamente non o sexa, pero si que se pode ver coma un suicidio. Hollywood ten algo de corrosivo e funesto.<sup>1</sup>

<sup>1</sup> Delorme, Stéphane; «Planète Hollywood. Entretien avec David Cronenberg»; Cahiers du cinéma, no.701, juin 2014. Tradución do francés orixinal por Ramiro Ledo Cordeiro.

## MATERIAIS

### NA NOSA LIBRARÍA

**Consumed: A Novel.** David Cronenberg  
Scribner Book Company, 2014  
**Dead Stars.** Bruce Wagner  
Blue Rider Press, 2012  
**El palacio del Crisantemo.** Bruce Wagner  
Alianza editorial, 2008  
**Au rendez-vous allemand.** Paul Éluard  
Les Editions de Minuit, 2012  
**Capital del dolor.** Paul Éluard  
Visor libros, 2006  
**Cosmópolis.** David Cronenberg (DVD)  
**Scanners.** David Cronenberg (DVD)  
**Cromosoma 3.** David Cronenberg (DVD)

Nos meus cadernos da escola  
No meu pupitre e as árbores  
Na area na neve  
Escribo o teu nome

En todas as páxinas lidas  
En todas as páxinas brancas  
Pedra sangue papel ou cinza  
Escribo o teu nome

Nas imaxes douradas  
Nas armas dos guerreiros  
Na coroa dos reis  
Escribo o teu nome<sup>1</sup>

PAUL ÉLUARD

<sup>1</sup> Inicio do poema «Liberté» Paul Eluard, *Au rendez-vous allemand*, 1945, Les Editions de Minuit

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org